



BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DA III GALA DO DEPORTE CONCELLO DE GONDOMAR 2018

Co obxecto de impulsar e pór en valor o labor deportivo que desenvolven as persoas, organismos, institucións e entidades públicas e privadas do noso municipio, que dalgún xeito contribuíron de forma notoria a impulsar e difundir a práctica deportiva na nosa localidade, celebramos esta III Gala do Deporte de Gondomar 2018, en esta convocatoria valoraranse os méritos deportivos do ano 2017.

Esta iniciativa pretende reunir, na que será a súa terceira edición, a todas as persoas e institucións relacionadas co deporte da nosa vila e compartir con todos/as un gran día de festa e celebración. Polo tanto, dende o Concello de Gondomar, convocamos estes premios dirixidos ós deportistas e ás persoas relacionadas co mundo do deporte gondomareño, que contan cunha traxectoria deportiva relevante, tratando de resaltar o labor deportivo e o traballo realizado por todos aqueles que, dalgún xeito fan do deporte o motor das súas vidas.

Os diferentes premios so poden optar as persoas físicas, clubs deportivos e entidades do municipio que cumpran cos requisitos establecidos, para cada unha das modalidades distinguidas e que figuran nas bases desta convocatoria.

As candidaturas que opten ós premios poderán ser presentadas por calquera persoa física, entidade deportiva local, club ou asociación, así como a proposta do xurado ou Concellaría de Deportes.

Nesta convocatoria, realizada polo Departamento de Deportes do Concello de Gondomar, valoraranse os méritos realizados durante o ano deportivo 2017.



BASES DA CONVOCATORIA

ARTIGO 1 OBXECTO

O obxectivo principal destes premios é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e, en definitiva, os valores inherentes ó deporte, e que estes valores sirvan de espello para incentivar os mais pequenos e a poboación en xeral para a práctica do deporte.

O obxectivo da presente convocatoria é a concesión dos premios deportivos que se outorgarán na "III Gala do Deporte de Gondomar" nas categorías que figuran a continuación:

- PREMIO Ó MELLOR DEPORTISTA MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA FEMININA.
- PREMIO Ó MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN FEMENINA.
- PREMIO O MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA.
- PREMIO Ó PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE.
- PREMIO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA.
- PREMIO Ó MELLOR EVENTO DO ANO.
- PREMIO ÓS VALORES HUMANOS (MENCÍONS ESPECIAIS)

ARTIGO 2.- CANDIDATOS/AS

2.1 Premio, ao MELLOR DEPORTISTA MASCULINO E FEMININO.

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles/as deportistas do noso municipio (naturais, empadroados/as ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva con un mínimo de dous anos nos clubs de Gondomar) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Gondomar ou noutras localidades.



Poderán concorrer á presente convocatoria aqueles/as deportistas que a título individual destacasen polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que os fan acredores ao galardón.

Nesta categoría concorrerán só deportistas maiores de 18 anos ou participantes en categoría sénior.

2.2 Premio, ao MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO E FEMININO.

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todos aqueles/as deportistas do noso municipio (naturais, empadroados/as ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva con un mínimo de dous anos nos clubs de Gondomar) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Gondomar ou noutras localidades.

Poderán concorrer á presente convocatoria aqueles/as deportistas que a título individual destacasen polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que os fan acredores ao galardón.

Nesta categoría concorrerán só deportistas menores de 18 anos ou participantes en categoría inferior á sénior.

2.3 Premio, ao MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA.

Nesta categoría valoraranse aqueles CLUBS OU ENTIDADES DEPORTIVAS que cumpran as seguintes condicións:

- a) Que desenvolvan o seu labor deportivo no municipio e que estean legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Entidades do Concello de Gondomar.
- b) Que realizen actividades de competición, promoción ou divulgación deportiva.
- c) Que destacara o longo da súa traxectoria non só polos seus méritos deportivos, senón tamén polas súas capacidades e dotes organizativas de eventos.



2.4 Premio, ao PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE

Nesta categoría valoraranse aquelas entidades privadas que estean legalmente constituídas e, que teñan destacado polo seu apoio e colaboración co deporte local, así como pola organización de eventos deportivos.

Tódolos clubs e entidades deportivas nomearán ata un máximo de tres entidades que colaboren e patrocinen os seus eventos deportivos. O xurado escollerá de entre os candidatos, as tres entidades nomeadas para o premio definitivo.

2.5 Premio, á TRAXECTORIA DEPORTIVA

Nesta categoría valorarase a aqueles/as deportista de Gondomar que pola súa entrega, dedicación e pola exemplaridade da súa traxectoria deportiva realzaran ao deporte gondomareño no noso municipio ou máis alá do mesmo.

2.6 Premio, ao MELLOR EVENTO DO ANO

Nesta categoría valorarase aquel evento organizado no noso municipio, organizado ou non por entidades deportivas do mesmo. Que realizen actividades de competición, promoción, divulgación deportiva e de lecer, que realzase o deporte gondomareño no noso municipio ou máis alá do mesmo.

ARTIGO 3.- MENCIONS ESPECIAIS

O xurado, poderá outorgar mencións especiais para unha persoa ou entidade que aínda non sendo deportistas, destacara pola defensa dos valores humanos no deporte, relacionado co mundo do deporte de Gondomar ; nalgún club ou que sempre promociione ou promocionase Gondomar por medio do deporte.



ARTIGO 4.- CANDIDATURAS

Calquera club, cidadán/á, institución ou asociación, poderán así mesmo propoñer de un a tres candidatos/as como máximo, (segundo criterio da Concellaría de Deportes), para que sexa recoñecido/da o seu labor, sexa pola súa traxectoria deportiva, directiva, ou polo seu apoio ó deporte en xeral desde calquera ámbito de actuación, sempre que cumpra as condicións establecidas nas Bases desta convocatoria e que reúnan os méritos ou requisitos suficientes para concorrer ó premio.

Así mesmo, o xurado poderá propoñer candidatos en cada unha das categorías descritas nas presentes Bases, así como crear novas categorías ou mencións.

ARTIGO 5.- XURADO

O xurado encargárase da selección dos gañadores nas distintas categorías en base ás propostas recibidas, e estará presidido e nomeado polo alcalde presidente do concello de Gondomar, mediante resolución ao efecto.

A decisión do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto un premio se as persoas ou entidades propostas, non acadasen, ó seu xuízo, o nivel deportivo suficiente.

ARTIGO 6.- CALENDARIO.

Reunión con tódolos clubs, institucións, asociacións ou deporte individual: Venres día 16 de febreiro de 2018 ás: 20:00 horas, no Centro Neural.

Fase de recepción de candidaturas: Dende o 19 de febreiro do 2018 ata o 19 de marzo de 2018, presentadas no Rexistro Municipal do Concello ou polos medios legalmente establecidos.

Fase de reunión do xurado: O 26 de marzo de 2018 ás 19:00 h., no Concello de Gondomar.

Celebración da Gala do Deporte: O día 07 de abril de 2018, ás 20:00 horas no Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar.



FICHA DO NOMEAMENTO III GALA DO DEPORTE

NOME DO
NOMEADO/A.- _____

LUGAR/DATA DE
NACEMENTO.- _____

DISCIPLINA
DEPORTIVA.- _____

CLUB AO QUE
PERTENCE.- _____

NOMEADO/A:

	MELLOR DEPORTISTA MASCULINO/FEMININO
	MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO/FEMININO
	MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA
ENTIDADES PATROCINADORAS ATA UN MÁXIMO DE TRES:	PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE
*	
*	
*	
	TRAXECTORIA DEPORTIVA
	MELLOR EVENTO DO ANO

ADXUNTAR CURRÍCULO, MÉRITOS DEPORTIVOS, FOTOS QUE ACREDITEN EN DIFERENTES
COMPETICIÓNS, ETC:

DATOS ENTIDADE QUE PRESENTA A
PROPOSTA.- _____

NOME E
APELIDOS.- _____

CIF/NIF.- _____

E-MAIL.- _____

Certifica que os datos incluídos nos méritos, currículo son totalmente certos.

_____ a _____ de _____ de 2018



AUTORIZACIÓN DE USO DE DATOS

ACTIVIDADE DEPORTIVA:

Nome e apelidos do/a deportista:

Enderezo do/a deportista:

Pai/nai/titor/ra (cubrir só en caso de que o/a deportista sexa menor de idade)

Nome e apelidos:

NIF:

En calidade de:

<input type="text"/>	<input type="text"/>
----------------------	----------------------

En relación coa achega por parte da entidade propoñente das reportaxes fotográficas ou audiovisuais dos/as deportistas nomeados para a súa exposición na III GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE GONDOMAR, a celebrar o día 07 de abril de 2018 no Auditorio Municipal Lois Tobío, autorizo ao Concello de Gondomar a que expoña fotografías e outros ao longo do desenvolvemento da citada Gala do Deporte, así como nas publicacións que sobre esta se realicen.

Gondomar, a de de 2018

Asdo.- _____